

A INTERVENCIÓN POLÍTICO-LITERARIA

"Para ver se as cousas van mellor, para ver se Galiza esperta dunha vez..."


O carácter comprometido da súa poesía foi en aumento na medida en que o seu compromiso público nacionalista se facía máis notorio. As circunstancias eran duras e esixían unha acción social máis continuada e proselitista, sobre todo a partir de 1972, ano crucial das folgas operarias en Ferrol, con mortos, feridos e centos de encarcerados, e Vigo. Non é casual a aparición en 1973, no exilio, como todos os seus poemarios entre 1971 e 1976, dunha triloxía que, no seu conxunto, non é máis que unha epopea elexíaca incitando o pobo galego a liberarse, desde a vontade de nos responsabilizar de nós mesmos: *Aldraxe contra a xistra*, Xenevra; *Informe para axudar a alcender unha cerilla*, Montevideo; *Laio e clamor pola Bretaña*, Lisboa.

Tiña que ser precisamente eu:
a voz máis feble e cativa
que deu o noso pobo,
a menos autorizada e harmoniosa
a que clama na tebra,
no deserto,
no ermo e no baleiro
(...)
Somos nós os que
temos que construír
con toda responsabilidade
a nosa Historia.
Claudicar é morrer.

(Fragmento de *Aldraxe contra a xistra*, 1973)



▲ A pesar da súa falta de vocación política, Manuel María vai ter unha participación directa nela pois "para salvar unha cultura cómpren medidas políticas".



Durante todos estes anos, as represalias ▶ non se exerceron só contra a súa obra, senón tamén contra a súa persoa e a de Saleta: multas por intervencións públicas e participación en manifestacións, prohibición de conferencias, recitais e mesas redondas, vixilancia domiciliaria e mesmo detencións arbitrarias...

O seu interese por dar a coñecer a nosa cultura vaino levar a percorrer as cidades e vilas galegas, e tamén as comunidades de fóra, da man das entidades culturais en creación. El mesmo promove a "Asociación Cultural de Monforte", que, ao ser prohibida, se transformará na "A. C. Castelao"

Manuel Mariá

Beleza, amor e compromiso